

## O vedrines: nome que se lle deu a un artiluxio infantil

O investigador cangués Antonio Graña lembra os molinetes caseiros que colleron o nome do piloto francés que en 1911 protagonizou un espectáculo de acrobacia aérea en Balaídos



*Campo de aviación de Madrid (Xetafe). Védrines, cun cigarro na boca. Recibimento tras gañar a Paris-Madrid. Arquivo do autor*

**Antonio Graña Graña\***

Cangas | 11-01-24 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/01/11/o-vedrines-nome-lle-deu-artiluxio-infantil-96756229.html>

No Cangas da Posguerra revivi a actividade de os mariñeiros facérenlle ós seus fillos, nos seus momentos de stand-by, coa navalla, moitos xoguetes e artiluxios froito da imaxinación creativa para os enredos infantís.

**Lembro a José “O Cheo”, que con restos de madeiras e con latas** de marmelo facía uns camións que en nada envexaban ós mercados en tendas especializadas. El mesmo era o encargado de decoralos con pinturas ó aceite: o perfume demorábase no tempo. **Xaime González, o fillo da señora “Lola”,** a muller que rexentaba o quiosco localizado no arranque do peirao do Comercio. Xaime é un auténtico manitas na elaboración de figuras feitas en madeira.

Entre estes xoguetes estaban os vedrines: molinetes de madeira, con agarradoira, que **xiraban sobre un eixo metálico (un cravo) que se movía coa forza do vento** en función da intensidade do sopro do deus Eolo: un xoguite moi estendido entre as crianzas galegas, do tipo da tarabela. Por que se lle deu en chamar vedrines?

**Védrines era un piloto militar que se fixo coñecido na carreira por etapas de París a Madrid,** unha competición internacional de 1.170 Km. realizada os días 21 a 25 de maio de 1911. Foi a máis importante das carreiras aéreas europeas desenvolvidas ata o momento. Con todo, a carreira viuse afectada polo lutuoso accidente ocorrido no aeródromo de Issy-les-Moulineaux, no arranque da primeira etapa: o piloto Émile Train desviouse por problemas técnicos do lugar adecuado e estampou o monopraza que pilotaba contra o palco de autoridades. Os peor parados foron o propio Train e mais o Ministro de Guerra Henri Maurice Bertheaux, que resultaron mortos. Quedaron con feridas moi graves o presidente do Consello de Ministros, Ernest Monis, o fillo e mais un bo número de acompañantes. No arranque da proba o público acadaba un cuarto de millón de espectadores. A proba non foi suspendida. A organización da mesma estaba ó cargo do xornal “Le

Petit Parisien”, cun premio de 200.000 francos para o gañador, que resultou ser Védrines, o único aviador que chegou a Madrid ó campo de aviación de Getafe.

No verán de 1911, unha programación de festas produciu o maior enfrontamento a nivel institucional entre ás cidades de **Vigo e Pontevedra: as dúas cidades rivalizaban por ofrecer os mellores festexos. Entre os espectáculos destacaban as demostracións de acrobacia aérea**, moi de moda por aquel entón: o prato forte das grandes festas estivais de cada lugar. Vigo optaba por vez primeira a organizala, e quería facelo ao grande.

Sabedores os vigueses de que Pontevedra xa tiña o seu cartel de festexos pechado, para non seren menos e evitar quedar descolgados nos circuitos que organizaban este tipo de festivais de voos de acrobacia aeronáutica, quixéronse por á altura de Pontevedra e encargaron para iso á **“Asociación Popular Galega”, de Vigo**, de atopar uns aviadores á altura das circunstancias. A Asociación contrata para os días 18 e 20 de agosto os experimentados aviadores acróbatas “Elgorry” e “Mauvais”. Mais o infortunio non permitiu que tal demostración puidera levarse a bo termo: Elgorry enfermou e Mauvais quedou ferido nun accidente automobilístico cando circulaba pola Coruña.



Jules Védrines. Foto Pacheco

Este inesperado contratempo mobilizou novamente, e de que maneira, a “Asociación Popular” como organizadora **do festival: contactan dunha maneira rocambolesca cun importante piloto de aviación francés, Lorenzo Garnier**, xa contratado polos pontevedreses. Abordárono no apeadeiro do tren, no Porriño, de camiño a Pontevedra: alí fixan a data de celebración en Vigo, e mais o montante da operación: 5.000 ptas. O día fixado para o festival aéreo de Balaídos foi o 20 de agosto. Ese encontro na estación do Porriño entre a asociación viguesa e o propio Garnier, non resultou nada doado, posto que tiveron que sortear a presenza dun grupo de gardas civís que tiñan a misión de abortar o acordo: cumprían ordes do propio Gobernador Civil de Pontevedra.

#### **Pero aquí non remataba a cousa...**


Decatados os pontevedreses e no seu nome o Gobernador Civil, da “usurpación” exercida polos de Vigo, enfurecen. De inmediato dan a coñecer o contrato, “onde se recollía” que **a actuación de Garnier en Pontevedra “se faría en exclusiva”, quedando prohibida toda actuación no resto do territorio galego** (nunca chegaron a demostrar que tal cláusula estivese recollida no contrato). De inmediato o **Gobernador Civil de Pontevedra, José Boente Sequeiros** (nado en Salceda de Caselas) **envía un telegrama ó Concello vigués no que lle advirte das posibles consecuencias**. Esta misiva foi tomada en Vigo como unha afronta. Foi tal o enfado vigués que os funcionarios abandonaron os postos de traballo, os xuíces pecharon as audiencias, e un bo número de empregados secundaron a folga, aínda que diversos sectores se mostraron remisos a secundala. Chegouse a facer unha manifestación na que participaron uns 20.000 vigueses, pedindo a dimisión do



Vedrine. Arquivo do autor



governador. O día 20 de agosto coa asistencia de **miles de persoas celébrase un mitin na Alameda para censurar a absurda postura do goberno civil**. Mesmo unha delegación viguesa viaxou neses días ata a capital do estado para reunirse no Ministerio de Gobernación co seu titular para que interviñera no problema, á vez que aproveitaron para solicitar maiores investimentos en obra pública para a cidade, como a definitiva instalación do tranvía e melloras no porto. Como consecuencia deste clima de tensión, o Orfeón de Teis (anque daquela integrado no Concello de Lavadores) negouse a viaxar a Pontevedra co gallo da inauguración do monumento ós heroes de Pontesampaio, acto para o que estaban contratados.



*Védrines en Balaídos. Foto Pacheco*

Ante o clima de desconfianza e tensión que se vivía en Vigo, o Goberno Civil mandou a Vigo 100 gardas civís

O xentío alporizado ocupou as rúas proferindo gritos e ameazas contra o goberno provincial, prometendo que tirarían ó mar a todo pontevedrés que tivese o valor de pasar por Vigo. **A “Asociación Popular de Vigo” contacta por teléfono co coñecidísimo e singular aviador Jules Védrines, que estaba de xira por España, quen acepta vir a Vigo os días 15 e 17 de setembro, en Balaídos.** Cobraría 15.000 francos. Balaídos nese tempo era un prado regado polo Lagares. O nome de Balaídos é unha alteración de Abelaídos, pola abundancia de abeleiras.

As probas non puideron celebrarse os días 15 e 17 do mes de setembro, tal como estaba previsto, por mor dun compromiso de Védrines co exército francés debido á tensión política entre Francia e Alemaña do momento. Finalmente o espectáculo poido facerse realidade os días 22 e 24 do mes de setembro!

#### **Jules Védrines, en Balaídos**

En todo este tumulto xerado pola clara inimidade entre vigueses e pontevedreses, tivo unha participación moi activa o arquitecto Manuel Gómez Román, autor entre outros do Edificio do Banco de Vigo e da panificadora. Coautor co seu irmán Benito do edificio Simeón. Foi el o que propuxo que toda a corporación viguesa dimitira para mostrar a unidade da cidade. O Alcalde



*José Boente Sequeiros, gobernador civil de Pontevedra. Arquivo do autor*

Joaquín Martínez López aceptou a dimisión, e con el toda a corporación. A cidade quedou sen goberno ata una nova convocatoria electoral que se celebraría o 12 de novembro, e na que resultou elixida a Xunta de Defensa, que asumira o baleiro producido pola falla de corporación, e na que a cabeza visible era o propio ex alcalde Martínez López. Como consecuencia o día 21 de decembro de 1911, o goberno do estado destina ó gobernador provincial, José Boente, a Zaragoza.

**O alcalde e os concelleiros dimisionarios foron multados. O primeiro con 175 ptas., e os restantes con 75. Ceferino Maestú Sequeiros, presidente da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo, tamén foi castigado con 500 ptas.,** como instigador da revolta, e por negarse a acudir a Pontevedra a unha xuntanza promovida polo Gobernador Civil. Ademais, Ceferino era socio xerente da fábrica de fariñas “La Molinera Gallega”, que estaba situada na rúa García Barbón, preto da Metalúrxica. Tras a inxusta e discriminatoria sanción, os vigueses saíron novamente a rúa en apoio de Ceferino, na que participaron milleiros de persoas.

O piloto acróbata Jules Védrines chegou a Vigo procedente de París, o 21 setembro de 1911. O recibimento foi apoteótico. De inmediato visitou o aeródromo acondicionado para tal ocasión, cunhas dimensións de 500 X 105 metros: unha gran explanada na que chegado o ano 1928 se construíría o campo de fútbol de Balaídos, obra deseñada por Jenaro de la Fuente.

As probas de acrobacia aérea a realizar por Jules Védrines deron comezo o venres día 22 de setembro, as 16:30 horas. O 23 tívose como xornada de descanso, e o domingo 24 púxose o broche final da proba, en sesións de mañá e tarde.

Isto foi o que aconteceu os días 22 e 24.

#### **Día 22, venres, 16:30**

O comercio estaba pechado por orde da alcaldía a partir das 5 da tarde, para facilitar o achegamento dos veciños e mesmo das xentes que proviñan de lugares tan dispares como Lugo, Ourense, o norte de Portugal, e mesmo de Ribeira, onde fretaron o vapor Farruco, que viña ateigado de xente. A expectación era enorme, indescrrible diríase. Vigo era unha festa. Un par de horas antes do horario previsto, un gran xentío xa cubría o lugar de Balaídos (calculaban que nos dous días de espectáculo puideron pasar polo aeródromo unhas 60.000 persoas), foron numerosos os atascos producidos por automóbiles e mesmo polo propio xentío que trataba de achegarse polas saturadas vías de acceso ó recinto de Balaídos.



*O cartel da carreira por etapas París-Madrid Arquivo do autor*





Esa mesma tarde Védrines realizou catro curtos voos, sempre “adornados” con exercicios de acrobacia, para logo aterrar maxistralmente cara ó vento e a favor del. Entre os voos acometidos nesa tarde, foron os realizados nos lugares de Castrelos e Sárdoma, como tamén por diferentes rúas da cidade, por onde fixo varias pasadas rasantes. Houbo viandantes que se tiraron ó chan por medo a caer sobre eles.

### **Día 24, domingo**

Este día Védrines en sesión de mañá e tarde, volveu a facer novamente outros catro voos. No terceiro mantívose no espazo uns 20 minutos, dando ademais unha pasada pola ría, ata acadar o fondo da mesma, para sobrevoar o Castelo de Soutomaior, lugar onde vivía o coñecido médico Doutor Llurie. Dende a avioneta, Védrines descendeu a 20 metros para deixar caer unha mensaxe de parte da Asociación Popular Viguesa, enviándolle a Llurie saudos cariñosos. Jules Védrines repetiu varios voos acrobáticos, sobrevoou Castrelos, onde había unha cantidade inmensa de espectadores, onde fixo unhas rasantes sobre o xentío alí presente. O propio Védrines manifestaba logo: “Tiña gañas de lle gastar unha broma ós alí presentes, ver como inclinaban as cabezas crendo que o aparato podería precipitarse sobre eles. O seu medo causoume risa”...

Prezo das entradas

Palcos a 35 ptas. cada un, con dereito a 6 persoas.

Tamén se puxeron uns bonos á venda para todos aqueles que asistiran os dous días de actuación.

Sillas 2 pesetas.

Bancos 1.75 ptas.

Xeneral 1 ptas.

A factura do aviador Védrines, supuxo a cantidade de 15.000 francos.

Finalizada a demostración acrobática con gran éxito, e desmontada a avioneta, o día 25 de setembro de 1911 Védrines embarcou no tren correo rumbo a París. A avioneta tiña 50 cabalos, chegaba ós 130 km/h e pesaba 450 quilos.

O populacho en referencia ós acontecementos vividos, compoñían e cantaban algunha que outra copla, moi propias da ocasión, costumes que desgraciadamente foron desaparecendo. Esta é unha delas:

Viva Védrines, el aviador

Y muera iguasch!, iguasch!,

iguasch!, el Gobernador.

(ó pronunciar iguasch!, facían o xesto a modo de lanzar un esgarro).

Jules Védrines, home de forte carácter, antigo novizo, participou como piloto na primeira Guerra Mundial. O 19 de xaneiro de 1919 aterra na terraza das Galerías Lafayette, terraza de reducida dimensión 28x12 metros, a pesar da prohibición da prefectura de París. Polo arriscado exercicio obtivo un premio de 25.000 francos. En Burgos estivo competindo con grandes e destacados aviadores, entre os que estaba o galego José Piñeiro González “Piñeiro”. Realmente era moi popular en todo o mapa do estado español, ata o punto de moitos persoeiros e entidades adoptaren o nome “Vedrines”. A modo de exemplo podo citar: Un coñecidísimo amigo do alleo establecido en Vigo, un taberneiro de A Coruña, unha Compañía Lírica ferrolán, un cantante de flamenco e tamén un cabalo de carreiras etc. etc.

Ó longo da súa dilatada carreira tivo varios accidentes, algúns de certa gravidade, ata que o 21 de abril de 1919, cando facía a liña París – Roma, un dos motores da avioneta avaríouse e estrelouse contra un viñado en Saint-Rambert d’Albon, falecendo Védrines e o seu mecánico Guillain. Jules Védrines resultou con estragos en ambas pernas, brazos rotos, e unhas feridas no lumbar e na testa. Guillain, sufriu diferentes golpes por todo corpo, e un forte hematoma na testa. Védrines está soterrado no cemiterio parisiense de Pantin, división 15.

(\* ) Investigador de Cangas